

TEXTOS INSTRUTIVOS:

A lectura "Como ver un troll (e non morrer no intento)" é un texto instrutivo.

Este tipo de textos indícanos os pasos que hai que seguir para levar a cabo unha acción determinada, as cousas que hai que facer para conseguir un resultado.

Exemplos de textos instrutivos son unha receita de cociña, o manual de instrucións dun aparello, un prospecto dun medicamento ou as instrucións para montar un moble.

Estes textos están pensados para ser seguidos ao pé da letra, polo que deben ser claros e obxectivos, estar escritos na orde correcta das accións e reducindo todo o posible as malas interpretacións e os erros.

Imos practicar a escrita dos textos instrutivos.

Á hora de elaboralos debemos seguir unha serie de pasos:

1. En primeiro lugar debemos repasar mentalmente o proceso sobre o que escribiremos, asegurándonos de que recordamos todos os pasos e na orde correcta.
2. Faremos un guión colocando eses pasos e numerándoos.
3. Á hora de escribir debemos respectar esa orde.
4. Escribiremos oracións claras e sinxelas. O verbo debe estar en imperativo, infinitivo ou formas verbais en terceira persoa.
5. Utilizaremos as seguintes expresións: para comezar, en primeiro (segundo, terceiro...) lugar, finalmente, por último...

6. Unha vez escrito o texto deberemos repasalo asegurándonos de que se entende ben, que están todos os pasos a seguir e que a orde é correcta.

ACTIVIDADE:

Cando eu cheguei nova ao colexio unha das cousas que tiven que aprender é como se organiza a entrada e saída do alumnado.

Elabora un texto instrutivo explicándome este proceso.

Ten en conta á hora da entrada o alumnado de transporte e na saída o alumnado de transporte e comedor.

Para que o texto quede máis claro recoméndoche que o organices en dous apartados (entrada e saída) e logo escribas as instrucións para cada un deles.

Ao rematar revisa a ortografía e a puntuación.